



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E VITALY HEALTH SERVICES, SL., PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN, ANO 2025

(1) Antecedentes: Necesidade e oportunidade do convenio

A EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins e que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos seus obxectivos, segundo o artigo 3.1 h) da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, o establecemento de convenios e a celebración de intercambios con organismos semellantes das Administracións Públicas, a nivel estatal e internacional.

VITALY HEALTH SERVICES, SL é unha entidade que ten por obxecto actuar como un servizo de prevención alleo, que está acreditada con número de acreditación nacional NUMERO AUTONOMICO 3, NUMERO SERPA 10/0005 con contrato coa Administración Xeral da Xunta de Galicia e que ten entre as súas funcións a de dar formación a traballadores e empresarios en materia de prevención de riscos laborais.

(2) Obxecto

O obxecto deste convenio é a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativos de cada

Rúa Madrid 2 – 4
15.707 – Santiago de Compostela
Tfno: 981546044/5. Fax: 981546337
secretaria.egap@xunta.gal
<https://egap.xunta.gal>





unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas as dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

(3) Finalidade

A EGAP e o VITALY HEALTH SERVICES, SL adquiren os compromisos previstos no convenio e en concreto na súa cláusula segunda.

(4) Impacto económico

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos de vixencia deste convenio.

A EGAP colaborará coa posta a disposición das súas instalacións, dos seus medios telemáticos e cos seus medios persoais e materiais.

(5) Carácter non contractual

As actividades que se desenvolvan ao abeiro do convenio non terán carácter contractual.

(6) Vixencia

Para os efectos sinalados, formalizase con VITALY HEALTH SERVICES, SL un convenio por un período de vixencia que abrangue dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2028, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización deste instrumento para articular as relacións entre a EGAP e VITALY HEALTH SERVICES, SL para a convocatoria e desenvolvemento de actividades de formación en materia de

Rúa Madrid 2 – 4
15.707 – Santiago de Compostela
Tfno: 981546044/5. Fax: 981546337
secretaria.egap@xunta.gal
<https://egap.xunta.gal>





Prevenición de Riscos Laborais, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os seus principios para resolver posibles dúbidas e lagoas.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

A directora da EGAP

P.D.S. (Res. 11.03.2025)

O xefe do Servizo Económico-Administrativo

José Antonio González Faílde

